

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2026/5	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	30 de enero de 2026
Duración	Dende as 13:30 ata as 13:43 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	David García Lareo (Decreto 2026-0047)
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 23.01.2026****Concello de Silleda**

Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021

Favorable**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 23 de enero de 2026.

Expediente 130/2026. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 26 de xaneiro, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha persoa usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar o custo da adquisición de produtos básicos de alimentación.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pagamento dunha factura de alimentación e produtos de hixiene.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Vego Supermercados S.A.U. , correspondendo coa factura número 01000004 por un importe de 49,75 €.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 157/2026. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 27 de xaneiro, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha persoa usuaria de Servizos Sociais que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar o custo da adquisición de produtos básicos de enseres para estancia hospitalaria.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pagamento dunha factura de alimentación e produtos de hixiene.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Sonia Pérez González. , correspondendo coa factura número 1/2026 por un importe de 100,00 €.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 175/2026. Adhesión do Concello de Silleda á Oficina Tecnolóxica de Asistencia aos Concellos da Deputación de Pontevedra

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Antecedentes e motivación

A Deputación de Pontevedra ten entre os seus obxectivos impulsar o desenvolvemento dos territorios empregando a tecnoloxía como elemento vertebrador, reducindo a fenda dixital entre concellos e mellorando a calidade dos servizos públicos a través de medios dixitais.

Neste marco, a Deputación pon en marcha a Oficina Tecnolóxica de Asistencia aos Concellos, a través do Servizo de Novas Tecnoloxías, co fin de dar unha resposta máis cohesionada e eficiente aos retos dos concellos de menos de 50.000 habitantes en materia de transformación dixital, modernización e homoxeneización de infraestruturas e solucións tecnolóxicas.

A realidade das infraestruturas TIC nos concellos é heteroxénea, e a evolución das demandas da cidadanía require unha administración máis áxil, segura e eficiente. Por iso, considérase de interese municipal a adhesión do Concello de Silleda a esta Oficina, co obxectivo de reforzar a planificación estratéxica en TIC, mellorar a eficiencia na xestión dos recursos e incrementar os niveis de seguridade e cumprimento normativo.

Obxectivos e beneficios da adhesión

A adhesión permitirá ao Concello de Silleda, entre outros beneficios:

- Mellorar a toma de decisións estratéxicas, con solucións adaptadas ás necesidades do concello.
- Aumentar a racionalización e a eficiencia no uso dos recursos dispoñibles.
- Impulsar a monitorización das tendencias tecnolóxicas e a innovación na administración local.
- Favorecer a compartición de recursos e coñecemento, explorando sinerxías con outros

concellos.

- Dispoñer de recursos técnicos especializados e centralizados non dispoñibles de maneira individual.
- Diminuír e xestionar riscos fronte a ameazas de seguridade e ciberincidentes, con resposta áxil.
- Mellorar o cumprimento normativo en materia de seguridade da información e protección de datos persoais.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA**:

PRIMEIRO: Aprobar a adhesión do Concello de Silleda á Oficina Tecnolóxica de Asistencia aos Concellos dependente do Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra, como instrumento de apoio á transformación dixital municipal.

SEGUNDO: Facultar á Alcaldía-Presidencia para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para formalizar a adhesión e para realizar as xestións oportunas ante a Deputación de Pontevedra.

TERCEIRO: Designar como unidade municipal de referencia para a coordinación e seguimento desta adhesión ao servizo/área municipal competente en materia de novas tecnoloxías (ou a persoa que se determine), sen prexuízo da colaboración transversal co resto de áreas municipais implicadas.

CUARTO: Dar traslado do presente acordo á Deputación de Pontevedra, ao Servizo de Novas Tecnoloxías, para os efectos oportunos.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Silleda

Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021